

INFORME

*da presenza da Universidade
de Vigo nos principais
rankings universitarios*

2024



A publicación do presente informe está aliñado co cumprimento do ODS 16, e en particular, coa meta 16.6 que busca crear institucións eficaces e transparentes que rendan contas á sociedade e co ODS 17, e en particular, coa meta 17.18 que busca aumentar significativamente a dispoñibilidade de datos oportunos, fiables e de calidade.



OBXECTIVOS
DE DESENVOLVEMENTO
SOSTIBLE

Contido

Introdución	5
Rendición de contas cos rankings	6
Ranking de Shanghai (ARWU).	9
Ranking de Shanghai by subjects.	11
Global Ranking of Sport Science Schools and Departaments.	12
The Center of World University Rankings (CWUR).	13
Dyntra (Dinamic. Transparency Index)	15
FORBES.	16
Fundación HAZ.	17
Fundación CYD.	18
Green Metric.	19
Global World Communicator.	20
InCites Essential Science Indicators.	22
IUNE	24
Leiden Ranking CWTS.	25
Nature INDEX.	26
NTU RANKING.	28
QS World University Rankings.	30
QS World University Rankings by subjects.	32
QS World University Rankings Sustainability.	34
QS European Ranking.	35
Transparent Ranking of repositories.	36
Ranking web de Universidades (Webometrics).	37
RUR (Round University Ranking).	38
Scimago Institucion Rankings.	41
Times Higher Education (THE WUR)	43
Times Higher Education by subject	46

Times Young University Rankings	47
THE IMPACT.	49
UniRank University Ranking	52
U-Ranking Ivie	53
University Ranking by Academic Performance (URAP).	55
US News a world report education.	58
Anexo I. Cadro resumo posición UVigo Rankings.	60
Anexo II. Cadro resumo posición UVigo Ranking ARWU subject	62
Anexo III. Cadro resumo posición UVigo Ranking THE subject	63
Anexo IV. Cadro resumo posición UVigo Ranking QS específico subject	64
Información de contacto	65

*Na seguintes páxinas
pode consultarse a
posición da UVigo
en distintos rankings
no ano 2024.*

Introdución

A Universidade de Vigo ten o recoñecemento internacional dalgúns dos rankings universitarios máis relevantes, pero tamén unha presenza moi destacable nas clasificacións que realizan diversas entidades dentro de España.

Nas seguintes páxinas podemos ver a posición da nosa universidade en diversas clasificacións que valoran, dende a capacidade investigadora, a docencia, a citación, a produción científica e artigos académicos, á transferencia de coñecemento ou as patentes rexistradas. Na parte final deste informe poden atoparse varias táboas que reflicten a evolución dos diferentes rankings entre os anos 2020-2024.

Debemos ser conscientes que os rankings internacionais comparan sistemas universitarios moi diversos, con características académicas, económicas e socio-políticas moi diversas, polo que non sempre a comparación é de todo adecuada, xa que as diferenzas son tan salientables que as analoxías son moi limitadas. Aínda así, a posición da UVigo nestes rankings amosa claramente os esforzos da nosa institución para acadar as máximas cotas de calidade na ensinanza superior, e permite a comparación con institucións de características similares.

Rendición de contas cos rankings

A publicación da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario supón un novo contexto normativo no ámbito universitario aliñado coa rendición de contas á sociedade. Así a citada lei no seu preámbulo indica o seguinte “... *a Lei consagra a transparencia e o rendemento de contas das universidades pública...*”. Ademais hai varios artigos que afondan na rendición de contas, entre eles o artigo 3.5 no que se indica que “...*as universidades deberán renderlle contas á sociedade do uso dos seus medios e recursos humanos, materiais e económicos, desenvolver as súas actividades mediante unha xestión transparente e ofrecer un servizo público de calidade*”.

Os diversos rankings, tanto de carácter xeral, produción científica ou temático, son unha boa guía para amosar o desempeño da nosa institución nas funcións que como universidade ten encomendada mediante *a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento*. Así nos seguintes artigos infórmase:

- “... *fomento da equidade e igualdade, o impulso da sostibilidade, a loita contra o cambio climático e os valores... dos ODS*” (artigo 2.3).
- “... *fomentarán a participación da comunidade universitaria... na promoción da democracia, igualdade..., asemade nos ODS*” (artigo 18.1).
- “... *velarán por que os seus campus sexan climaticamente sostibles..., Estratexia de mitigación e adaptación ao cambio climático... para facer fronte á emerxencia climática*” (artigo 18.2).
- “... *promoverán un desenvolvemento económico e social equitativo, inclusivo e sostible...*” (artigo 18.4).


O anterior reflíctese na participación nos ranking *THE Impact*, *GreenMetric* e *QS World University Rankings Sustainability*, os cales permiten ver o aliñamento co desempeño dos ODS da Axenda 2030, a sostibilidade ambiental, social e a gobernanza co resultado das métricas deses rankings.

- “...deberán establecer mecanismos de rendemento de contas e de transparencia na xestión..”. (artigo 39.1).
- “... deberán establecer nos seus estatutos os mecanismos de rendemento de contas...” (artigo 39.2).
- “... deberán contar cun portal de transparencia e garantir o dereito de acceso á información que consideren institucionalmente relevante...” (artigo 39.3).
- “... información actualizada nos portais de transparencia dos espazos de participación...” (artigo 44.6).
- “... someterase aos principios de transparencia e rendemento de contas...” (artigo 59.1).

O anterior reflíctese co posicionamento nos ranking de transparencia da Fundación Haz e da plataforma colaborativa DYNTRA.


Na seguinte táboa detállase o posicionamento medio nos principais rankings de carácter xeral e por produción científica.

an.	Rankings xerais								Rankings de produción científica						
	Pos. Global	Pos. Xeral	ARWU	CWUR	QS WUR	RUR	THE WUR	US News	Pos. Prodc	Incities	Leiden	Nature	NTU	SCIMAGO	URAP
2022	788	801	501	786	1001	644	1001	870	775	1167	672	830	751	576	653
2023	797	767	501	801	901	733	801	866	828	1151	675	878	701	889	672
2024	824	791	801	811	901	614	801	818	858	1137	693	1085	651	887	692



E na seguinte táboa o posicionamento medio nos rankings de sostibilidade:

an.	Pos. Global	GreenMetric	QS Sustainability	THE Impact
2022	294	300	381	201
2023	241	252	370	101
2024	215	262	281	101





*No Académic Ranking
of Word Universities
2024 a UVigo atópase
no grupo das 801-900
mellores do mundo.*

Ranking de Shanghai (ARWU).

O Academic Ranking of World (ARWU) utiliza seis indicadores obxectivos para clasificar as universidades do mundo, incluída a cantidade de ex-alumnos/as e persoal con premios Nobel, o número de investigadores altamente citados, o número de artigos publicados en revistas de ciencias naturais, ou número de artigos indexados no Science Citation Index. Máis de 1800 universidades son clasificadas cada ano, e publícase unha clasificación coas 1000 mellores.

En Alumni, este ranking analizar os alumnos da institución que teñen premios Nobel e medallas. Entendendo como alumnos aqueles que obteñen licenciaturas, mestrados e doutorados, establecendo diferentes pesos en función do período de obtención dos premios.

En Award, recollen o número de persoas que se atopan traballando na institución no momento en que resultan gañadoras da premios Nobel de física, química, medicina e medallas nos campos de economía e matemáticas, establecendo diferentes pesos en función do período de obtención dos premios.

En HiCi, tómanse o número de investigadores altamente citados por Clarivate, na lista publicada en xaneiro do 2024. Neste caso só a filiacións principais se consideran investigadores altamente citados.

En N&S, teñen en conta o número de traballos indexados en *Nature and Sciences* entre 2019 e 2023, dando unha porcentaxe por cada autor do artigo que pertence á institución.

En PUB, recóllense os artigos indexados en ciencias no *Citación Index-Expanded* e en *Social Science Citación Index*, dentro desta segunda clasificación dáselle unha puntuación de dous puntos.

En PCP, realizase un cálculo ponderado dos cinco indicadores anteriores, dividindo polo número de equivalentes a tempo completo do persoal docente.

No ARWU do 2024 as puntuación correspondentes a UVigo son: posición mundial no grupo 801-900, posición no ranking nacional/local no grupo 27-30.



Con respecto as puntuacións da UVigo en cada un dos ítems e a súa evolución pode consultarse na seguinte táboa:

INDICADOR	2020	2021	2022	2023	2024
Alumnos con Nobel e Fields (Alumni)	0	0	0	0	0
Premios Nobel e Fields (Award)	0	0	0	0	0
Investigadores citados (HiCi)	12.1	14.6	9.7	9.3	0
Papers en Nature e Science (N&S)	1.4	3.8	3.8	4.1	4.5
Publicacións indexadas (PUB)	26.1	26.1	27.4	25.4	26.5
Rendemento per cápita (PCP)	16.2	17.1	17.4	16.8	15.8

Máis información sobre o ARWU pode ser atopada na [web](#)



*No Ranking Shanghai
por materias a UVigo
acada a súa mellor
posición en ciencia e
tecnoloxía dos
alimentos.*

Best Ranked Subjects 🇲🇵

Subject	Rank
Food Science & Technology	34
Oceanography	51-75
Agricultural Sciences	201-300
Atmospheric Science	301-400
Biotechnology	301-400
Business Administration	301-400
Earth Sciences	401-500
Ecology	401-500

Ranking de Shanghai by subjects.

O ranking de Shanghai realiza tamén unha clasificación por materias, que contén un total de 55 materias agrupadas en ciencias naturais, enxeñaría, ciencias da vida, ciencias médicas y ciencias sociais. Este ranking mide o desempeño das universidades en cada unha das materias, incluíndo: resultados de investigación (Q1) a influencia da investigación (CNCI), a colaboración internacional (IC), a calidade da investigación e premios académicos internacionais. Este indicador baséase nunha enquisa de Excelencia Académica realizada polo propio ranking dende 2017, participando, 1 900 das 5 000 universidades de 96 países e rexións que finalmente figuran no ranking.

Na edición do 2024 a UVigo acada a súa mellor puntuación en ciencia e tecnoloxía dos alimentos e en oceanografía.

No anexo II deste documento pódese ver unha clasificación detallada da nosa universidade neste ranking.

Máis información sobre o ARWU por materias pode ser atopada na [web](#).



No Ranking Shanghai relativo á ciencia do deporte, no 2024, a posición da UVigo é no grupo 201-300 a nivel mundial e 21 en España.

Global Ranking of Sport Science Schools and Departaments.

Shanghai Ranking, publicou en 2016 por primeira vez o Ranking Global de Escolas e Departamentos de Ciencias do Deporte- Este ranking adopta unha metodoloxía que destaca o desempeño de máis de 300 universidades con unidades relacionadas co deporte. Estas universidades enuméranse en función da medición de publicacións, citación, citas por publicación, publicacións en revistas do 25% superior e publicacións en colaboración internacional. Os datos bibliométricos recompílanse da WOS nun período de 5 anos.O peso de cada un dos indicadores pode verse na seguinte imaxe:

Criterios	Indicador	Código	Peso
Resultados de la investigación	Articulos indexados en Web of Science	PUB	10%
	Citas de artículos	CIT	20%
Calidad de la investigación	Citas por articulo	Partido Comunista Chino	30%
	Articulos publicados en el 25% de las revistas más importantes	ARRIBA	30%
Colaboración internacional	Porcentaje de articulos con coautoría internacional	CI	10%
Total			100%

A posición que acada a nosa universidade a nivel mundial é no grupo 201-300. A posición en España é a 21.

World Rank	Institution	Spain	Total Score	PUB
201-300	UVigo University of Vigo Faculty of Education and Sport Science		14.7	

Máis información sobre o Global Ranking of Sport Science Schools and Departaments ranking pode atopala na [web](#).



*Na edición World
University
Rankings 2024 a
UVigo acada a
posición 811 a nivel
mundial.*

The Center of World University Rankings (CWUR).

The Center of World University Rankings (CWUR) publica as únicas clasificacións universitarias globais que miden a calidade da educación e a capacitación dos estudantes, así como o prestixio dos membros e a calidade da investigación.

CWUR utiliza os seguintes indicadores:

- **Calidade da educación**, cun peso dun 25%, mide o número de ex alumnos que gañaron premios e medallas importantes a nivel internacional, en relación co tamaño da universidade.
- **Emprego de antigos alumnos**, cun peso dun 25%, mide o número de alumnos da universidade que ocupan posicións de CEO nas principais empresas do mundo, en relación co tamaño da universidade.
- **Calidade das facultades**, cun peso dun 10%, medida polo número de académicos que gañaron premios e medallas importantes a nivel internacional.
- **Desempeño da investigación**, cun peso dun 40%, dividido en 4 apartados que teñen unha ponderación dun 10% cada un. Os apartados son os seguintes: resultado total da investigación, segundo o número total de traballos de investigación; publicacións de alta calidade, segundo o número de traballos de investigación que aparecen en revistas de primeiro nivel; influencia, medida polo número de traballos de investigación que aparecen en revistas altamente influentes; citas medidas polos traballos de investigación altamente citados.

Na edición World University Rankings 2024 a UVigo acada posto 811 a nivel mundial e o 27 dentro de España. Como podemos ver nas súas puntuacións destaca a investigación con 773 puntos.

World Rank	Institution	Location	National Rank	Education Rank	Employability Rank	Faculty Rank	Research Rank	Score
811 Top 3.9%	University of Vigo	Spain	27	-	-	-	773	71.7

Con respecto as puntuacións da UVigo en cada un dos ítems e a súa evolución pode consultarse na seguinte táboa:

	2020	2021	2022	2023	2024
<i>Calidade da educación</i>	-	-	-	-	-
<i>Emprego de antigos alumnos</i>	-	-	-	-	-
<i>Calidade das facultades</i>	-	-	-	-	-
<i>Resultados de investigación</i>	681	695	744	765	773
<i>Total</i>	72.2	72.0	71.6	71.7	71.7

Máis información sobre o ranking CWUR pode ser atopada na súa [web](#).



*A UVigo acada o 3º
posto en
transparencia,
segundo o ranking
Dyntra a decembro de
2024.*

Dyntra (Dinamic. Transparency Index)

A plataforma Dyntra (Dinamic Transparency Index) xorde como a primeira plataforma colaborativa no mundo que traballa na medición e xestión do goberno aberto, nas organizacións e na sociedade civil. Nesta plataforma avalíanse un total de 137 indicadores para determinar o grao de transparencia das universidades.

Na consulta realizada en decembro do 2024 a posición da UVigo era a terceira, cumprindo cun total de 160 dos 169 indicadores referidos, o que implica un 94,67 % de grao de cumprimento. Debemos de ter en conta que se trata dun ranking dinámico polo que a posición dunha institución varía constantemente, en función do grao de cumprimento de indicadores en cada momento.

Este alto grado de cumprimento coa transparencia pública fai que a UVigo tamén se atope no ranking de transparencia das Administracións públicas españolas, elaborado por esta mesma plataforma, no que acada igualmente a terceira posición.

Universidades				Administraciones Públicas españolas			
General Pùblicas Privada				Buscar una entidad ...			
Buscar una entidad ...				Buscar una entidad ...			
POSICIÓN	ENTIDAD	ÍNDICE	PORCENTAJE	POSICIÓN	ENTIDAD	ÍNDICE	PORCENTAJE
1	Universidad de Zaragoza	163 de 169 indicadores	96,45%	1	Universidad de Zaragoza	163 de 169 indicadores	96,45%
1	Universidad de Huelva	163 de 169 indicadores	96,45%	1	Universidad de Huelva	163 de 169 indicadores	96,45%
3	Universidad de Vigo	160 de 169 indicadores	94,67%	3	Universidad de Vigo	160 de 169 indicadores	94,67%
3	Universidad de Valladolid	160 de 169 indicadores	94,67%	3	Universidad de Valladolid	160 de 169 indicadores	94,67%
3	Universidad de Murcia	160 de 169 indicadores	94,67%	3	Universidad de Murcia	160 de 169 indicadores	94,67%
3	Universidad de Cádiz	160 de 169 indicadores	94,67%	3	Universidad de Cádiz	160 de 169 indicadores	94,67%
3	Universidad de Burgos	160 de 169 indicadores	94,67%	3	Universidad de Burgos	160 de 169 indicadores	94,67%
3	Universidad Complutense de Madrid	160 de 169 indicadores	94,67%	3	Universidad Complutense de Madrid	160 de 169 indicadores	94,67%

Máis datos sobre o ranking Dyntra poden ser consultados na súa [web](#).

ForbesUniversity**FORBES.**

*No 2024 a UVigo
aparece na lista
Forbes das 25
mellores
Universidades de
España.*

As listas Forbes son coñecidas polo seu rigor e alcance e nesta ocasión realiza a lista das 25 mellores universidades de España onde estudar, valorando diversos aspectos de calidade a través dun comité internacional de expertos en educación superior.

A análise realizouse a través dun cuestionario con máis de 50 preguntas divididas en 5 bloques, que son: prezo e accesibilidade (10%), experiencia do alumnado (30%), preparación para a vida laboral (30%), calidade do profesorado e da investigación (15%) e perspectiva internacional (15%).

Na clasificación para o ano 2024 a UVigo de novo recollida entre as 25 mellores universidades de España, destacando polo o seu forte compromiso coa innovación e a sostibilidade e pola súa alta produción científica e tecnolóxica. .

Máis datos sobre a lista Forbes das 25 mellores universidade de España poden ser consultados na súa web.




*A UVigo acada
neste ranking o selo
de “transparencia t
de transparente
***”.*

Fundación HAZ.

A *Fundación Haz*, coa misión de fortalecer a confianza da sociedade nas institucións e empresas promovendo a transparencia, o bo goberno e o compromiso social, realiza diversas publicacións, *entre elas o Informe de transparencia voluntaria en la web de las universidades españolas*.

No exame de transparencia 2024 a Universidade de Vigo está entre as máis transparentes do Estado e acada o selo “de transparencia t de transparente***” na categoría de tres estrelas. A UVigo cumpre totalmente 27 indicadores e parcialmente outro obtendo un total de 61 puntos, que equivale a un 98% de cumprimento.



Máis datos sobre este ranking poden ser consultados na súa [web](#).

Fundación CYD Fundación CYD.

D

*Na edición Ranking
CYD 2024 ten 11
indicadores dentro dos
de maior rendemento.*

O informe CYD no que se fai unha análise das características básicas do sistema universitario español, recollendo datos moi variados, dende o desempeño dos universitarios, á estrutura, pasando por cuestións relacionadas co persoal ou a financiación. Analizando catro grandes apartados: ensinanza e aprendizaxe, investigación, transferencia e coñecemento así como a súa orientación internacional.

No proceso de obtención dos datos a Fundación CyD realiza tres cuestionarios específicos dos que se recompila a información nunha web e sobre os que posteriormente realízase un control de calidade e unha análise para poder facer o cálculo dos indicadores. Para elo tamén utilizan datos do SIIU e dos datos procedentes do Informe de Inserción Laboral dos egresados universitarios (curso 2015_2016) elaborado con datos SIIU e datos da Tesorería da Seguridade Social. Os indicadores cienciométricos e de patentes son elaborados por SCImago Lab a partir da información extraída de Scopus e PARSAT. Para algúns datos cienciométricos utilizan a base de datos WoS e o CWTS Leiden.

Na edición Ranking CYD 2024 a Universidade de Vigo atópase dentro dos resultados globais das universidades de España, e ten un total de 11 indicadores no grupo de maior rendemento, 13 no de rendemento intermedio, e 12 dentro dos de menor rendemento relativo e 0 en indicadores nos que non aplica ou non ten datos Destaca en investigación e transferencia do coñecemento, con nove indicadores dentro do grupo de rendemento alto. Os referidos a investigación son fondos externos de investigación, tanto captados coma liquidados, publicacións por profesor, publicacións altamente citadas, post-doctorados e tramos de investigación. En transferencia do coñecemento obtense rendemento alto en fondos privados, patentes concedidas por profesor e ingresos por licencias.

Máis datos sobre este ranking poden ser consultados na súa [web](#).



No 2024 a
UVigo ocupa o
posto 262 a
nivel mundial e
12 en España.

Green Metric.

Green Metric ten como obxectivo proporcionar o resultado dunha enquisa en liña sobre a condición actual e as políticas relacionadas coa sostibilidade das universidades do mundo, intentando chamar a atención sobre a loita contra o cambio climático, a conservación da enerxía e a auga, a reciclaxe de residuos e o transporte ecolóxico. Os datos que analizan son relativos a: entorno e infraestruturas, enerxía e cambio climático, residuos, auga, transporte e educación e investigación.

No 2024 a UVigo atópase no posto 262 a nivel mundial, o que significa a perda de 10 postos. Entre as universidades españolas atópase no poso número 11, que mellora en 1 postos a posición do ano anterior.

World Rank	University	Total Score	SI Score	EC Score	WS Score	WR Score	TR Score	ED Score
262	Universidade de Vigo 📍 Spain, Europe	7750	1175	1550	1800	750	1150	1325

No Portal de Transparencia da Universidade de Vigo poden consultarse os informes de posicionamento da nosa entidade nas diferentes edicións. Poden atopalo neste [enlace](#).

Máis datos sobre o ranking Green Metric poden ser consultados na súa [web](#).



Global World Communicator.

*No edición
2023/2024 a UVigo
non entra en este
ranking.*

Este ranking desenvolve unha metodoloxía que pretende recoller as diferencias dos sistemas educativos e de investigación a nivel mundial, e así establecer unha clasificación das universidades do mundo tendo en conta as súas características específicas. Un sistema de avaliación que permite coñecer todas as vantaxes competitivas das universidades, de xeito independente ao seu tamaño, país ou campos de estudo.

Os criterios para determinar os parámetros que avalíen a calidade do proceso de aprendizaxe e o coñecemento especializado obtido, son desenvolvidos por profesorado universitario e especialistas en educación que teñen experiencia en actividades docentes e científicas, en concreto mediante enquisa realizada entre os membros do Consello Internacional de Científicos.

Acadando unha clasificación profesional das universidades cos seguintes compoñentes:

- **Clasificación académica** calcúlase mediante un algoritmo que ten en conta os seguintes indicadores: persoal académico por cada 1000 estudantes, proporción de estudantes en diferentes niveis de estudo e internacionalización dos aprendizaxe e da comunidade universitaria.
- **Clasificación por BC-Index (25%)**, valora a dispoñibilidade de información na páxina principal dunha universidade en internet. Debemos de ter en conta que a versión en inglés da páxina principal da universidade se valora como a máis accesible a nivel mundial. O BC-Index calcúlase mediante un algoritmo que ten en conta 50 indicadores establecidos nas seguintes categorías: información xeral e descrición da universidade (12 indicadores); comodidades e capacidades (6 indicadores); información para a comunidade universitaria (8 indicadores); información académica aprendizaxe (9 indicadores), información académica para a investigación (8 indicadores), posibilidades de comunicación (7 indicadores) .

- **Clasificación pública (25%)**, valora a reputación universitaria tanto a nivel mundial como nacional e defínese pola clasificación tanto a nivel mundial como nacional obtida mediante unha enquisa ao Consello Internacional de Científicos.

Na edición 2023-2024 a UVigo non se atopa posicionada.

En relación coas materias a UVigo atópase non posto 451-500 en enxeñaría e tecnoloxía.

RankPro by subjects 2024
Engineering and Technology

World Rank	University	Country
451-500	University of Vigo	Spain

Máis datos sobre este ranking poden consultarse na [web](#).

InCites Essential Science Indicators.

No 2024 a UVigo
atópase no posto
1 137 mundial en
canto a número
de citacións.

O Essential Science Indicators, pertence a *Clarivate Analytics*, é unha compilación de estatísticas de rendemento e tendencias, extrapoladas dos recontos de artigos publicados en revistas académicas e das citas destes artigos, utilizando a *Web of Science*. A base de datos actualízase cada dous meses, polo tanto 6 veces ao ano.

O reconto de artigos derívanse de 12.392 revistas indexadas na colección principal de *Web of Science*, tanto de índice de citas de ciencias ampliado, como índice de citas de ciencias sociais, durante un período de 10 anos e catro meses. Estando cada revista asignada a un dos 22 campos de investigación que se utilizan, incluíndo un campo “multidisciplinar”. Os artigos que se utilizan son tanto artigos científicos regulares como artigos de revisión.


Os indicadores que se analizan son:

- Número de artigos, como número total de artigos da WoS
- Número de citas, como número de citas recibidas por todos os artigos no campo de investigación.
- Citas por artigo, como número total de citas dividido polo número total de artigos.
- Artigos altamente citados, como número de artigos que reciben o número mínimo de citas para ubicalos no 1 % superior de todos os artigos do campo.

O número de citacións da UVigo en dito período é de 217 253, cun total de 12 681 documentos, o que implica que acade a posición 1 137a nivel mundial, dun total de 9 378 institucións analizadas.

En canto a súa posición en España é a número 39 dun total de 306 institucións.

Total: 9379	Institutions	Countries/Regions	Web of Science Documents	Cites ▾	Cites/Paper
1137	UNIVERSIDADE DE VIGO	SPAIN	12,681	217,253	17.13



Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).



*No 2024 a UVigo
destaca polos
contratos de I+D e
consultorías.*

IUNE

O informe IUNE 2024, sobre a actividade investigadora das universidades españolas, é o resultado do traballo realizado por un grupo de investigadores pertencentes ás universidades que integran a “Alianza 4U”, integrada por Universidad Carlos III de Madrid, Universidade Autónoma de Madrid, Universitat Autònoma de Barcelona e Universitat Pompeu Fabra, con financiación dos ministerios de Ciencia e Innovación e de Educación.

Este informe analiza a actividade investigadora das universidades do Sistema Universitario Español na década 2013-2022. A partir dunha ampla batería de indicadores recóllense aspectos relativos a: profesorado, recoñecemento (premios nacionais de investigación e sexenios obtidos, tanto ordinarios como por convenio), actividade científica (publicacións por universidade, publicación por profesor, publicacións no primeiro cuartil, Top 3 de publicacións de universidades, publicacións en acceso aberto, publicacións en colaboración nacional, publicacións en colaboración internacional, citas por universidade, citas por profesor e documentos non citados), actividade científica emerxente, innovación (patentes, contratos de I+D e consultorías, prestación de servizos, licencias, extensións PCT e *spin-off*), competitividade (proxectos do Plan Nacional, Proxectos do Programa Marco da UE), financiación (ingresos xerados por investigación, ingresos liquidados por operacións non financeiras) e capacidade formativa (becas FPI, becas FPU, contratos Juan de la Cierva, contratos Ramón y Cajal e teses defendidas).

Nesta edición do 2024 a Universidade de Vigo destaca en contratos de I+D e consultorías.

A información sobre os indicadores da UVigo no informe IUNE debe ser consultada na súa [web](#).




*No CWTS Leiden
Ranking do 2024 a
UVigo ocupa o
posto 693 na
posición mundial.*

Leiden Ranking CWTS.

O Leiden Ranking ofrece información clave sobre o rendemento científico de 1 400 universidades de todo o mundo, cun conxunto de indicadores bibliométricos, que proporciona estatísticas sobre o impacto científico das universidades e sobre a participación das universidades en colaboración científica.

O CWTS Leiden Ranking baséase en datos bibliográficos da base de datos da *Web of Sciences* producida por Clarivate Analytics. Esta base de datos consta de varios índices de citas e o ranking Leiden utiliza o *Science Citation Index Expanded*, o *Social Science Citation Index*, e o *Arts & Humanities Citation Index*. Nesta clasificación non se teñen en conta actas de congresos, publicacións e publicacións de libros. Para ser clasificada como unha publicación principal debe cumprir os seguintes criterios: que fose redactada en inglés, que non sexa anónima, que non fose retractada e que aparecese nunha revisa principal.

No CWTS Leiden Ranking do 2024 con datos referidos ao período 2019-2022 a Universidade de Vigo ocupa o posto 693 na posición mundial, o 210 en Europa e o 18 en España. Por áreas a posición da nosa universidade en España é especialmente boa en “vida e ciencias da terra”, na que se atopa no posto número 9.



Mais datos sobre este ranking poden ser consultados na súa [web](#).

natureINDEX

*Datos de maio do
2023 a abril de
2024 a UVigo
acada o posto
1 085 mundial e
33 en España.*

Nature INDEX.

É unha base de datos de información de afiliación de autores que recompila artigos de investigación publicados nun grupo seleccionado de 82 revistas científicas de alta calidade. Os seus creadores, o grupo *Nature Research*, indican que con este índice proporcionase información, case en tempo real, sobre os resultados de investigación de alta calidade a nivel institucional, nacional e rexional. O índice actualízase mensualmente e os datos recollen unha ventá anual de resultados. A ventá actual toma datos dende o 1 de maio do 2023 a 30 de abril do 2024.

É unha base de datos de información de afiliación de autores que recompila artigos de investigación publicados nun grupo seleccionado de 145 revistas de ciencias naturais e ciencias da saúde, seleccionadas en función da reputación por un panel de científicos/as. O número total de revistas incluídas revísase de forma continua e son validadas por unha enquisa posterior na que se lles pregunta ás persoas enquisadas en que revistas lles gustaría publicar, nun intento de que a lista de revistas sexa razoablemente consensuada. Con esta lista preténdese que as revistas escollidas reflictan verdadeiramente os niveis superiores de logros de investigación ao xuízo de pares.

A nivel global a UVigo ocupa o posto 1 085 dentro das institucións académicas, o que implica que se sitúa no posto 335 Europa e ocupa o posto 33 en España. En canto a clasificación por materias a mellor posición acadada é en química e ciencias da terra e medio ambiente, cos postos 1 215 e 624 respectivamente.

Hai que ter en conta que estamos ante un ranking dinámico polo que a posición pode variar segundo o momento de consulta.

Research

Overall research output

	Count	Share
Overall	37	4.79


Overall Count and Share for 'University of Vigo (UVIGO)' based on the 12-month time frame mentioned above.

[View all articles >](#)

Research outputs by subject area

Subject	Count	Share
Biological sciences	4	0.19
Chemistry	15	1.93
Earth & environmental sciences	6	1.91
Health sciences	5	0.17
Physical sciences	11	1.45

Note: Articles may be assigned to more than one subject area, as a result the sum of the subject research outputs may not equal the overall research outputs.



Note: Hover over the donut graph to view the Share for each subject.

Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).



*No 2024 a UVigo
acada unha
posición no
grupo 651-700 a
nivel mundial.*

NTU RANKING.

O NTU ranking, *performance Ranking of Scientific Papers for World Universities*, é publicado pola Universidade Nacional de Taiwan. Este ranking proporciona unha clasificación sobre o desempeño dos documentos científicos para as universidades do mundo. Este sistema de clasificación está deseñado para avaliar os logros das universidades en investigación mediante o uso de indicadores obxectivos. O ranking proporciona unha clasificación xeral en 6 campos e 27 materias, os indicadores están deseñados para comparar tanto a calidade como a cantidade dos traballos científicos de cada universidade.

As medicións de desempeño en 2024 compóñense de oito indicadores que representan tres criterios diferentes dos desempeño dos artigos científicos:

- Produtividade da investigación (25%): número de artigos nos últimos 11 anos (2013-2023) e número de artigos no ano actual (2023).
- Impacto da investigación (35%): número de citacións nos últimos 11 anos (2013-2023), número de citacións nos últimos 2 anos (2022-2023) e número promedio de citas dos últimos 11 anos (2013-2023)
- Excelencia da investigación (40%): índice h dos últimos 2 anos (2022-2023), número de artigos altamente citados (2013-2023), e número de artigos en revistas de alto impacto no ano actual (2022-2023).

A Universidade de Vigo atópase no grupo das 601-700 a nivel mundial, por campos a súa mellor posición segue sendo a de agricultura, mentres que en materias a máis destacada é a de ciencias agrícolas, pasando nesta edición do posto 25 a 20, continuando a súa mellora.

World University Rankings

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
World University Rankings	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	651-700	701-750	701-750	701-750	751-800	751-800	701-750	651-700

By Fields

Field	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Agriculture	-	-	-	-	155	241	267	277	275	301-350	300	301-350	301-350	301-350	263	194	163
Engineering	233	220	209	231	212	268	266	-	-	351-400	401-450	401-450	401-450	-	-	-	-
Life Sciences	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Medicine	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Natural Sciences	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Social Sciences	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-

Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).



Na edición 2025 a UVigo a no QS World University Rankings atópase no rango das 901-950 mellores do mundo.

QS World University Rankings.

O QS World University Rankings compara as mellores universidades do mundo tanto por área de coñecemento, como por empregabilidade dos seus egresados, ou por o número de citacións que reciben os seus artigos en revistas.

Os resultados baséanse na análise de 17.5 millóns de artigos académicos e en máis de 240.000 profesores e empregadores e na súa vixésima edición do QS World University realízase unha mellora metodolóxica, na que se introducen 3 novas métricas: sostibilidade, resultados de emprego e rede internacional de investigación. Así as métricas que se analizan son:

- Sostibilidade, que se convirte en un punto importante para o estudiantado que espera que as institución aborden cuestións relacionadas coa xustiza social e climática.
- Resultados laborais, ao que se lle outorga un peso dun 15%.
- Rede internacional de investigación é unha forma de recoñecer a importancia da investigación para cambiar o mundo, proporcionando información sobre a conexión internacional da investigación da institución, recoñecendo a importancia da investigación colaborativa de forma ampla.

Na edición do *QS World University Rankings* 2025 a UVigo está no grupo 901-950 das 1 500 analizadas no mundo, e no posto 25 en España.

2019
#801-1000

2020
#801-1000

2021
#1001+


2022
#1001-1200

2023
#1001-1200

2024
#901-950

2025
#901-950

Ranking criteria



Con respecto as puntuacións da UVigo en cada un dos items e a súa evolución pode consultarse na seguinte táboa:

	2022	2023	2024	2025
<i>Reputación académica</i>	7	7.8	8.3	8.9
<i>Citas</i>	17.8	15.6	17	18
<i>Resultados de emprego</i>	-	5.4	7	3.8
<i>Reputación de empregador</i>	5	4.5	5.4	5.3
<i>Relación entre profesores e estudantes</i>	11	10	8.6	9.4
<i>Relación de profesores internacionais</i>	1.2	2.6	2.3	2.1
<i>Red internacional de investigación</i>	-	77.3	35.3	79.9
<i>Proporción de estudantes internacionais</i>	4	4.3	4.1	4.8
<i>Sostibilidade</i>	-	-	42.6	39.8

Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).



QS World University Rankings by subjects.

O QS tamén realiza o ranking universitario por materias, incluíndo 48 áreas temáticas individuais, e utilizando os seguintes 6 indicadores:

- **Reputación académica**, realízase a partir das respostas de máis de 130.000 académicos, e pídeselles aos enquisados que enumeren 10 institucións nacionais e 30 internacionais que consideren excelentes para a investigación nun área determinada. Logo os resultados da enquisa filtranse segundo a área específica de especialización identificada polos enquisados.
- **Reputación do empregador**, basease nas respostas a unha enquisa por máis de 75.000 empregadores, aos que se lles pide que identifiquen 10 institucións nacionais e 30 internacionais que consideren excelentes para a contratación de graduados. Tamén se lles piden as disciplinas nas que prefiren recrutar.
- **Citas**, os datos proveñen do Elsevier Scopus, establecendo un limiar mínimo de publicación para cada tema, evitando posibles anomalías derivadas de un pequeno número de artigos que sexan moi citados. Tanto o limiar de citas como a ponderación aplicada ao indicador de citas adaptaciónse para reflectir mellor os patróns prevalentes de publicacións e citas nunha disciplina determinada.
- **Índice H**, como forma de medir tanto a produtividade como o impacto dun académico ou departamento dunha universidade. O índice basease no conxunto de artigos máis citados do académico e o número de citas que recibiron outras publicacións.
- **Rede de investigación internacional (índice IRN)**, reflicte a capacidade de institución para diversificar a xeografía da súa rede de investigación internacional mediante o establecemento de asociacións de investigación sostibles con outras institucións de educación superior.

No QS WUR By Subject 2024 a posición da UVigo é segundo cada unha das materias a seguinte:

- En química no grupo 501-550 cunha puntuación de 43.6 en reputación académica, 78.3 en reputación de empregadores, 78.3 en citas por artigo, 57 en índice H, e 54 en rede internacional de investigación.
- Enxeñaría eléctrica e electrónica no grupo 401-450, cunha puntuación de 45.2 en reputación académica, 49.6 en reputación de empregador, 84.5 en citas por artigo, 69.3 citas índice H, 53.6 rede internacional de investigación.
- Ciencias biolóxicas no grupo 501-550, cunha puntuación de 47.8 en reputación académica, 51.8 en reputación de empregador, 65.2 en citas por artigo, 40.1 en citas del índice H e 50.8 en rede internacional de investigación.
- Agricultura e bosques, a UVigo aparece por primeira vez e está no grupo de 201-250. As puntuacións son de 39.5 en reputación académica, 60.7 en reputación de empregador, 87.1 en citas por artigo, 80.2 en citas del índice H e 71.7 en rede internacional de investigación.

No Anexo V deste documento pode verse a clasificación completa da UVigo por Subjects para este ranking.

Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).





Na clasificación de sustentabilidade a UVigo atópase no grupo 281.

QS World University Rankings Sustainability.

QS desenrola a súa primeira clasificación centrada no desempeño da sostibilidade social e ambiental das institucións de educación superior. Os indicadores divídense en medidas de sostibilidade ambiental (institucións, educación e investigación sostible) e medidas de impacto social, que inclúen igualdade, intercambio de coñecemento, impacto educativo, empregabilidade e oportunidades e calidade de vida.

Nesta clasificación a UVigo atópase posto 281 coas seguintes puntuacións: 73.7 en xeral, 48.5 en sostibilidade ambiental, 58.4 educación ambiental, 90.2 investigación ambiental, 89.6 en igualdade, 75.5 intercambio de coñecemento, 80 en impacto da educación, 52.3 en empregabilidade, 92.4 en saúde e benestar e 90.3 en bo goberno.



Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).



*Na clasificación
europea a UVigo
atópase no posto
324.*

QS European Ranking.

No 2023 o QS realiza o seu primeiro ranking de universidades europeas, no que están incluídas un total de 684 universidades.

A UVigo acada, nesta segunda edición o posto 322 cunha puntuación xeral de 25.3 puntos, 19 de reputación académica, 17.1 en reputación de empregador e 16.2 de puntuación de citas por artigo.

Rango	Universidad	Puntuación general	Reputación académica	Reputación c empregador
=322	Universidad de Vigo Vigo, España Más detalles	25.3	19	17.1

Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).

**RANKING WEB
OF REPOSITORIES**

En marzo de 2024 o repositorio Investigo da UVigo ocupa a posición 1 934 en canto a repositorios institucionais, e o 1 987 en canto a repositorios en xeral.

Transparent Ranking of repositories.

O obxectivo deste ranking é apoiar o acceso aberto, acceso gratuíto a publicacións científicas en formato electrónico e a outros materiais académicos, utilizando indicadores que miden a visibilidade global e o impacto dos repositorios científicos. Centrándose na publicación web como ferramenta para comunicar o material académico, mantendo altos estándares de calidade nos procesos de selección. Tendo en conta, en todo momento, que os sitios web chegan a audiencias potenciais moito máis grandes e ofrecen acceso a coñecementos científicos a investigadores e institucións.

Ao valorar a posición da UVigo neste ranking debemos de ter en conta, segundo expresa o propia entidade que o elabora, que varios repositorios de acceso aberto de Google Scholar non indexan de forma tan completa coma antes, sen razón aparente.

Tendo en conta esta puntualización a Uvigo acada co seu repositorio Investigo, a posición 1 934, en canto a repositorios institucionais, e a de 1 987, en canto a os repositorios en xeral.

Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).



En xullo do 2024 a UVigo ocupa o posto 919 a nivel mundial.

Ranking web de Universidades (Webometrics).

O CSIC publica desde 2004, cada seis meses un ranking académico sobre as universidades de todo o mundo tendo en conta a súa presenza e impacto na web. O laboratorio de Ciber métrica do Instituto de Políticas y Bienes públicos (IPP) do CSIC, ten por obxecto subministrar con este ranking información fiable, multidimensional, actualizada e útil sobre as universidades de todo o mundo tendo en conta a súa presenza e impacto na WEB.

En xullo do 2024 a UVigo acada o posto 919, a nivel mundial, o 835 na Unión Europea e o 38 en España, destacando sobre todo a súa apertura.

Ranking Mundial ▲	Universidad	Det.	País	Impacto	Apertura	Excelencia
919	Universidade de Vigo			1822	2495	642

Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).



*World University
Rankings 2024 a
UVigo atópase
no posto 614
mundial.*

RUR (Round University Ranking).

O RUR avalía o desempeño de 1 100 institucións de educación superior líderes no mundo mediante 20 indicadores agrupados en 4 áreas de actividade: ensinanza, investigación, internacionalización e sostibilidade financeira.

Todos os datos utilizados para a realización do ranking son proporcionados por Thomson Reuters. Os datos brutos, tales como o número de estudantes ou o persoal académico son obtidos mediante unha enquisa de datos denominada “Proxecto de Perfís Institucionais Globais” (GIPP). Enquisa que se leva a cabo anualmente en primavera e cubre entre 700 e 800 institucións de educación superior en todo o mundo.

O GIPP brinda información sobre 20 indicadores brutos que se utilizan para xerar 100 indicadores escalados, que relacionan dous valores; pero tamén se utilizan datos bibliométricos extraídos da colección principal da *Web of Science* e datos sobre reputación extraídos dunha enquisa de reputación académica anual. Dita enquisa recolle ao redor de 60.000 respostas de 10.000 enquisados que representan todas as dimensións da comunidade académica global.

A clasificación do RUR xeral, á súa vez forma unha clasificación separada onde se inclúen 4 grupos: clasificación docente, investigación, diversidade internacional e sostibilidade financeira. Os principais indicadores de cada un dos grupos son os seguintes:

- Docencia (40 %), no que se valora o persoal académico por estudante, persoal académico por título de grado outorgado, doutorados outorgados por persoal académico, títulos de doutorado outorgados por título de licenciatura outorgado e visibilidade on line, que mide a frecuencia en que as persoas usuarias acceden aos recursos da universidade a través do motor de procura de Google.
- Investigación (40%) no que se miden o número de citas por persoal académico e investigador, proporción de títulos de posgrado outorgados,

impacto de citas normalizado, traballos por persoal académico e investigador e visibilidade nas redes sociais.

- Diversidade internacional (10 %) na que se reflicte a proporción de persoal académico internacional, proporción de estudantado internacional, proporción de artigos internacionais en coautoría, impacto dos novos medios, en particular as redes sociais e nivel internacional, mostrando o promedio dos indicadores relacionados co persoal académico e estudantado internacional.
- Sostibilidade (10 %), no que se reflicten os ingresos institucionais por persoal académico e por estudantado, os ingresos por investigación relacionados por ingreso institucional e o nivel de sostibilidade financeira.

Na edición *World University Rankings* 2024, a Universidade de Vigo atópase no ranking xeral no posto 614 a nivel mundial e no 20 en España cunha puntuación de 52 279 puntos.

Rankings	Rank	Score
 World University Ranking	614	52.279
 Teaching Ranking	644	48.944
 Research Ranking	543	54.083
 International Diversity Ranking	628	50.487
 Financial Sustainability Ranking	710	41.676
Additional Rankings	Rank	Score
Reputation Rankings	-	-
Academic Rankings	-	-

Indicator Group Weight		Indicator		Weight	Rank	Score
TEACHING RANKING						
World Rank:	644					
Country rank:	21					
Score:	48.944					
League:	World League					
				40%		
		Academic staff per students		8%	605	48.273
		Academic staff per bachelor degrees awarded		8%	490	58.091
		Doctoral degrees awarded per academic staff		8%	724	38.091
		Doctoral degrees awarded per bachelor degrees awarded		8%	677	42.167
		Online visibility		8%	617	47.250
RESEARCH RANKING						
World Rank:	543					
Country rank:	14					
Score:	54.083					
League:	World League					
				40%		
		Citations per academic and research staff		8%	605	48.273
		Share of graduate degrees awarded		8%	536	54.182
		Normalized citation impact		8%	300	74.364
		Papers per academic and research staff		8%	687	41.273
		Social media visibility		8%	577	50.667
INTERNATIONAL DIVERSITY RANKING						
World Rank:	628					
Country rank:	23					
Score:	50.487					
League:	World League					
				10%		
		Share of international academic staff		2%	935	20.083
		Share of international students		2%	690	41.000
		Share of international co-authored papers		2%	244	79.167
		New media impact		2%	575	50.833
		International level		2%	628	47.771
FINANCIAL SUSTAINABILITY RANKING						
World Rank:	710					
Country rank:	13					
Score:	41.676					
League:	World League					
				10%		
		Institutional income per academic staff		2%	683	41.636
		Institutional income per students		2%	650	44.417
		Research income per academic and research staff		2%	734	37.250
		Research income per institutional income		2%	676	42.250
		Level of Financial Sustainability		2%	710	41.388

En canto aos rankings parciais destaca a posición da nosa universidade en canto a clasificación de investigación na que obtén o posto 543 con 54 083 puntos.

Con respecto as puntuacións da UVigo en cada un dos items e a súa evolución pode consultarse na seguinte táboa:

	2020	2021	2022	2023	2024
<i>Clasificación docente</i>	44 355	50 791	53 922	48 055	48 944
<i>Clasificación de investigación</i>	31 714	34 582	38 277	46 082	54 083
<i>Clasificación internacional</i>	41 769	39 699	43 069	40 863	50 487
<i>Sostibilidade financeira</i>	47 686	47 326	31 068	38 929	41 676
<i>Total</i>	40 189	43 885	45 516	46 777	52 279

Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).



*No Scimago
Institutions Rankings
2024 a UVigo obtén
a posición 887 a
nivel mundial na
clasificación de
universidades.*

Scimago Institucion Rankings.

O Scimago Institutions Rankings (SIR) é unha clasificación de institucións académicas e relacionadas coa investigación clasificada por un indicador composto que combina tres conxuntos diferentes de indicadores baseados no rendemento da investigación, produtos de innovación e impacto social medidos pola súa visibilidade na web.

O criterio para incluír unha institución é ter publicado polo menos 100 obras incluídas na base de datos de Scopus durante o último ano do período de tempo seleccionado. A fonte de información utilizada para os indicadores de innovación é a base de datos PATSTAT, a fonte para os indicadores de visibilidade web é Google e Ahrefs, mentres que Unpaywall se usa para identificar os documentos de acceso aberto e Altmetrics de PlumX metrics e Mendeley se utilizan para Societal Factor.

Os indicadores utilizados divídense en tres grupos destinados a reflectir as características científicas, económicas e sociais das institucións.

En investigación márcanse 11 items: impacto normalizado, que se calcula sobre o produto de liderado da institución utilizando a metodoloxía do Instituto Karolinska de Suecia; excelencia con liderado indica a cantidade de documentos en excelencia no que a institución é o principal contribuínte; produto como número total de documentos publicados en revistas académicas indexadas en Scopus; número de documentos non publicados en revistas propias; número de revistas publicadas polos servicios de publicación propios; a colaboración internacional mide a produción en colaboración con institucións estranxeiras; publicacións de alta calidade entendendo como tal as publicadas nas revistas académicas máis influentes (primeiro cuartil nas súas categorías segundo SJRII); excelencia como a cantidade de produción científica que está no 10% ou superior dos artigos máis citados no seu respectivo campo científico; o liderado científico indica a cantidade de produción científica onde a institución é o principal contribuínte; o acceso aberto indica a porcentaxe de

FACTOR	INDICADOR	PESO
Investigación (50%)	Impacto Normalizado (NI)	13%
	Excelencia con Liderazgo (EwL)	8%
	Salida (O)	8%
	Liderazgo científico (L)	5%
	Revistas no propias (NotOJ)	3%
	Revistas Propias (DO)	3%
	Excelencia (Exc)	2%
	Publicaciones de alta calidad (Q1)	2%
	Colaboración Internacional (CI)	2%
	Acceso Abierto (AO)	2%
	Fondo de Talento Científico (ISTP)	2%
Innovación (30%)	Conocimiento innovador (CI)	10%
	Patentes (PT)	10%
	Impacto Tecnológico (IT)	10%
Social (20%)	Altmetrícas (AM)	10%
	Enlaces entrantes (BN)	5%
	Tamaño web (WS)	5%

documentos publicados en revistas de acceso aberto; talento científico indica o total de autores diferentes da institución.

En innovación valóranse os seguintes items: coñecemento innovador determina publicación científica citada en patentes; impacto tecnolóxico indica a porcentaxe de patentes tendo en conta a produción total da área científica da patente; en patentes indícanse o número de solicitudes de patentes segundo a súa familia.

En impacto social valóranse os seguintes items: Altmétrics que se descompón a súa vez en PlumX Metrics (que reflicte os documentos que teñen máis dunha mención en PlumX Metrics) e Mendeley onde se reflicten os documentos que teñen máis dun lector en Mendely; número de vínculos analiza o número de redes de onde proveñen os enlaces entrantes ao sitio web da institución; tamaño web indica o número de páxinas asociadas á URL da institución segundo Google.

Na clasificación do 2024 a UVigo acaba neste ranking a posición 2243 de todas as institucións que se analizan nivel mundial. A posición entre as Universidades é 887, e a número 33 das que se analizan en España. Mentres que a nivel europeo atópase no posto 302.



Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).




*Na edición World
University
Rankings 2025 a
UVigo está entre as
801-1000 mellores
do mundo.*

Times Higher Education (THE WUR)

The Times High Education World University Rankings, proporciona unha lista definitiva das mellores universidades do mundo, avaliadas en docencia, investigación, perspectivas internacionais ou reputación.

No ranking mundial de universidades 2025 THE inclúe 2 092 universidades de 115 países e rexións, o que o converte nun dos rankings máis grandes e diversos. Baséase en 18 indicadores de desempeño coidadosamente calibrados que miden cinco áreas: ensino (entorno de aprendizaxe), investigación (volume, ingresos e reputación), citas (influencia da investigación), perspectiva internacional (persoal, estudantado e investigación), ingresos da industria (transferencia de coñecemento).



Como podemos ver na imaxe anterior no entorno de aprendizaxe tense en conta unha enquisa de reputación, a relación de persoal-estudantes, proporción de doutorados sobre egresados, proporción de doctorados por persoal académico ou os ingresos institucionais.

En canto a investigación ten tamén en conta unha enquisa de reputación, os ingresos por investigación e a produtividade da investigación. En citas examínase a influencia da investigación tendo en conta o promedio de veces que os académicos citan un traballo publicado dunha universidade. O proveedor de datos neste caso é Elsevier, examinado máis de 157 millóns de citas de 18 millóns de artigos de revistas, reseñas de artigos, actas de congresos, libros e capítulos de libros publicados. durante 5 anos de 2019-2023.

En perspectiva internacional analízanse proporción de estudantes internacionais, proporción de persoal internacional e colaboración internacional.

En ingresos da industria analízase a capacidade dunha universidade para axudar á industria con innovacións, inventos e consultoría. Inténtase capturar a transferencia de coñecemento analizando cantos ingresos por investigación obtén a institución da industria.

En canto a recompilación de datos, as institucións proporcionan e aproban os seus datos institucionais para o uso na clasificación. No caso de que non se proporciona un dato en particular determinase unha aproximación. A finalidade é non penalizar á institución cun valor “cero”.

As universidades poden ser excluídas se a súa produción é menor 1.000 artigos, entre 2019 e 2023, cun mínimo de 150 ao ano. Tamén poden ser excluídas se o 80% ou máis da actividade das universidades é exclusivamente nunha mostra de 11 áreas temáticas.

En referencia ao ranking xeral da universidades a nivel mundial na edición *World University Rankings* 2025 a posición da UVigo atópase no intervalo das 801-1 000

mellores do mundo, o posto 32 en España. Con respecto aos criterios que se analizan neste ranking as mellores puntuacións son en relación calidade da investigación, ingresos por transferencia de coñecemento e internacionalización. Os mellores postos en España os obtén en ingresos de industria, citacións e investigación.

Rank	Name Country/Region	Overall	Teaching	Research Environment	Research Quality	Industry	International Outlook
801– 1000	University of Vigo Spain	32.7– 36.9	25.1	17.9	57.8	49.5	47.4

Con respecto as puntuacións da UVigo en cada un dos items e a súa evolución pode consultarse na seguinte táboa:

INDICADOR	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Educación	17.7	18.5	19.4	18.7	25.1	23.9
Investigación	14.6	14	15.9	16.5	17.9	19.8
Citas	39.5	39.9	40.3	44.5	57.8	60
Transferencia	38.4	36.8	39.9	40.6	49.5	57.7
Proxección Internacional	41.6	43.4	43.4	44.6	47.4	49
Xeral	22.2 -28,2	25.1-30.1	22.4-27.1	24.4-29.7	32.7-36.9	34.5-38.1

Máis información sobre o THE pode ser atopada na [web](#).



*A UVigo acada
a súa mellor
posición en leis.*

Times Higher Education by subject

O Times Higher Education realiza tamén unha clasificación mundial das universidades por materias. A clasificación ten un total de 11 materias, que son as seguintes: artes e humanidades, economía e negocios, clínica e saúde, ciencias da computación, educación, leis, ciencias da vida, ciencias físicas, psicoloxía e ciencias sociais.

As mellores posicións da nosa institución son as relacionadas con leis (posto 301+), ciencias da vida (grupo 401-500), ciencias sociais e artes e humanidades e educación (grupo 501-600).

As mellores posicións en España acádanse en ciencias da vida (posto 14) e ciencias sociais e física (posto 18).

No anexo III deste documento pódese atopar un cadro coa posición da Universidade de Vigo en cada unha das áreas do THE Subject.

Máis información sobre o THE Subject pode atoparse na súa páxina [web](#).




Na edición Young University Ranking 2024 UVigo está entre as 201-250 mellores do mundo.

Times Young University Rankings

En canto ao ranking das universidades con 50 anos ou menos, a clasificación baséase nos mesmos indicadores de rendemento que para o THE WUR, pero as ponderacións axústanse para darlle menos peso a reputación. As universidades avalíanse en función de todas as súas misións principais: docencia, investigación, transferencia e perspectiva internacional.

No *Times Young University Ranking 2024* inclúe 673 universidades e analiza indicadores idénticos á clasificación global pero aportando un peso menor á reputación da universidade, tal e como se pode ver na imaxe seguinte.



A nosa posición a nivel mundial, está no grupo 201-250, con respecto a súa posición en España, acada o posto 16.

RANKING		SCORES					
Rank	Name Country/Region	Overall	Research Quality	Industry	International Outlook	Research Environment	Teaching
201– 250	University of Vigo Spain	39.1– 42.2	62.9	49.5	47.4	26.5	33.4

Máis información sobre o THE pode ser atopada na [web](#).



Na edición
Impact Ranking
2024 a UVigo
atópase no grupo
101-200.

THE IMPACT.

A Asemblea Xeneral das Nacións Unidas adoptou a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, un plan de acción para as persoas, o planeta e a prosperidade. A Axenda con 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), proporciona un plan de acción para enfrontar os maiores desafíos mundiais: erradicar a pobreza e o fomentar o crecemento económico, a inclusión social, a sostibilidade ambiental, a paz e a boa gobernanza para todas as nacións para o 2030. Neste senso, a investigación a innovación e a educación serán esenciais para axudar á sociedade e enfrontar os desafíos sociais, económicos e ambientais.

Neste contexto *Times Higher Education* lanza o *THE University Impact*, que ten como obxectivo medir o impacto das universidades na sociedade baseado no éxito das institucións para cumprir os obxectivos da Axenda 2030.

No 2023 inclúense 2 152 universidades, a puntuación de cada unha delas calcúlase combinando a puntuación no ODS 17, cun peso dun 22 %, cos seus tres mellores resultados nos 16 ODS restantes, cun peso de 26 %. As universidades reciben cualificacións en función do seu enfoque, sendo a clasificación xeral unha media das puntuación totais dos últimos anos.

En canto a recompilación de datos, son as institución as que proporcionan e aproban os seus datos institucionais no caso de que non proporcionen un datos o valor que se toma é cero.

Rank	Name	Best scores by rank				Overall
101–200	University of Vigo Spain	5 71.4	7 74.0	16 72.7–79.6	17 80.1–84.7	84.0–89.1

Os resultados da UVigo son destacables nos ODS 5, igualdade de xénero calidade, ODS 9 Industria, Innovación e Infraestrutura, ODS 7, enerxía accesible e non contaminante e ODS 17, alianzas para lograr os obxectivos.

A UVigo acada o posto 6 na súa puntuación global en España e atópase no sector entre 101-200 a nivel mundial. Con respecto a cada ODS a posición da UVigo pode verse na seguinte táboa.

Obxectivo (ODS)	desenvolvemento sostible	Posto a nivel mundial.	Nº de universidades participantes	Intervalo de puntuación.
	Fin da pobreza	301-400	1 093	52.8-56.9
	Fame cero	401-600	803	31.1-46.6
	Saúde e benestar	801-1 000	1 498	43.1-51.1
	Educación de calidade	62	1 681	77.2
	Igualdade de xénero.	53	1 361	71.4
	Auga limpa e saneamento	301-400	867	48.4-55.3
	Enerxía accesible e non contaminante	40	987	.0
	Traballo digno e crecemento económico.	201-300	1 149	65.2-69.2

	Industria innovación e infraestrutura.	201-300	1 018	65.2-76.9
	Reducindo desigualdades.	301-400	1 108	56.5-62.1
	Cidades e comunidades sostibles.	301-400	1 026	56.8-64.3
	Produción e consumo responsable.	301-400	825	57.7-65.4
	Acción polo clima.	304-400	924	48.0-56.4
	Vida submarina.	201-300	628	48.3-58.7
	Vida de ecosistemas terrestres	301-400	741	45.8-55.1
	Paz, xustiza e institucións sólidas	101-200	1 086	72.7-79.6
	Alianzas para lograr os obxectivos	201-300	2 031	80.1-84.7

Máis información sobre o ranking THE Impact poden ser consultado na súa [web](#).



*No 2024 a UVigo
atópase no posto
703 a nivel
mundial.*

UniRank University Ranking

UniRank é un directorio internacional de educación superior, que recolle máis de 13.000 universidades oficialmente recoñecidas en 200 países e proporciona unha clasificación baseada na presenza e popularidade na web.

O actual UniRank baséase nun algoritmo que inclúe catro métricas web imparciais e independentes extraídas de tres fontes de intelixencia artificial diferentes. Os datos das métricas web recompílanse todos na mesma semana para minimizar as flutuacións e maximizar a comparabilidade. Adóptase un filtro pre-computacional para detectar valores atípicos nos datos sen procesar, levando a cabo tamén unha investigación adicional e unha revisión dos datos de SimilarWeb Global Rank, para aquelas universidades que adoptan un subdominio como páxina de inicio oficial. O obxectivo é proporcionar unha clasificación global aproximada de universidades baseada na súa presenza na web e popularidade en termos de tráfico estimado, confianza/autoridade e enlaces de calidade. Isto está especialmente destinado a axudar aos estudantes internacionais e persoal académico a comprender cal é a popularidade da institución, non é polo tanto un ranking académico.

A posición da UVigo neste ranking é 703 a nivel mundial e 26 en España.



Universidade de Vigo

country rank **26**
world rank **703**
share▼

Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).



*O U-Ranking 2024 a
UVigo atópase no
grupo 4.*

U-Ranking Ivie


U-Ranking constrúe un conxunto de indicadores sintéticos do sistema universitario español, que permite ordenar as universidades tanto polo seu rendemento (U-Ranking), como polo seu volume de resultados (U-Ranking Volumen) valorando o efecto producido polo tamaño das universidades. Este ranking contempla as principais misións das universidades (docencia, investigación e innovación) tendo en conta a especialización das universidades e os diferentes resultados en cada rama de ensino.

En canto aos indicadores utilizados son os seguintes e agrúpanse nas categorías:

- **Docencia.** No que se analizan os recursos destinados á docencia a través das dotacións orzamentarias por alumno, o persoal docente e investigador por alumno, prestando especial atención ao persoal doutor. Tamén se recolle a produción docente, relacionado os resultados obtidos polos alumnos, analizando cantos se someten á avaliación, cantos teñen éxito na mesma e cantos abandonan. Valórase igualmente a calidade da docencia, e faise considerando a nota de corte específica de cada área e a porcentaxe de estudantado de posgrado. En canto a internacionalización da docencia queda recollida pola porcentaxe de estudantado estranxeiro en programas de mobilidade internacional.
- **Investigación e innovación.** Neste caso o proceso investigador caracterízase mediante os datos referidos a dous tipos de recursos: os recursos públicos captados e a disposición de persoal investigador, bolseiros e apoio técnico cualificado. A produción materialízase nos documentos citables que cada área publica e o número de teses doutorais, as cales supoñen un indicador de calidade de formación de investigadores. Neste ámbito inclúense tamén no número de patentes concedidas. Mentres que a calidade da investigación ten o seu reflexo no impacto medio das súas publicacións e nas citas que xeran. Por último, se valoran as publicacións internacionais e a porcentaxe de fondos de investigación procedentes de convocatorias externas.



Mientras que no U-Ranking a UVigo se atopa no grupo 4 de 11 no ranking por volume atópase no posto 17 sobre 32, destacando en ambos en investigación e innovación. A súa posición no ranking de posgrado e especialmente boa en ciencias.



Máis información sobre este ranking pode atoparse na súa [web](#).



*A Universidade de
Vigo atópase na
edición URAP Ranking
2023-2024 na posición
672 a nivel mundial.*

University Ranking by Academic Performance (URAP).

Este ranking clasifica as universidades do mundo baseándose en indicadores de rendemento académico que reflicten a calidade e a cantidade das súas publicacións académicas. O obxectivo non é etiquetar as universidades como peores ou mellores', a intención é identificar áreas de mellora con respecto a indicadores específicos de rendemento académico.

O Ranking Mundial URAP 2023-2024 basease en 6 indicadores de rendemento académico, no que as publicacións constitúen a base da metodoloxía de clasificación, así a calidade, a cantidade das publicacións a colaboración internacional en investigación utilízanse como indicadores.

Os indicadores utilizados son os seguintes:

- **Artigo**, cun peso dun 21%, que inclúe os artigos en revistas dentro do primeiro, segundo e terceiro cuartil en termos de factor de impacto da revista.
- **Citación**, cun peso dun 21%, mide o impacto de investigación segundo o número de citas publicadas para os artigos publicados nun período de 5 anos, 2018-2022.
- **Documento**, cun peso dun 10%, mide a sostibilidade e continuidade da produción científica e presenta o recuento total de documentos, incluíndo: conferencias, revisións, cartas, debates, guións e artigos de revistas, do 2018-2022.
- **Article Impact Total (AIT)**, cun peso dun 18%, intenta equilibrar a produción científica e o impacto normalizado nun campo. O AIT corrixida polo CPP normalizado da institución, indica se a institución ten un desempeño maior ou menor do promedio mundial nese campo.
- **Citación Impact Total (CIT)**, cun peso dun 15%, intenta equilibrar o impacto da institución co impacto normalizado nun campo concreto.

- **Colaboración internacional**, cun peso dun 15%, mide a aceptación global da universidade, cos datos de colaboración internacional, baseados no número total de artigos publicados en colaboración con universidades estranxeiras.

A posición da Universidade de Vigo no 2023-2024 URAP World ranking é no posto 672, puntuación dun 58.73 en artigos, 68.17 en citación, 32.3 en documento, 52.39 en AIT, 50.39 en CIT e 43.68 en colaboración internacional, o que implica unha puntuación total de 305.55.

No	University	Country	Article	Citation	Total Document	AIT	CIT	Collabo...	Total
672	Universidade de Vigo	SPAIN	58.73	68.17	32.3	52.28	50.39	43.68	305.55

Con respecto as puntuacións da UVigo en cada un dos items e a súa evolución pode consultarse na seguinte táboa:

INDICADOR	2020	2021	2022	2023	2024
Artigos	53.75	54.98	55.64	57.56	58.73
Citacións	67.25	66.67	67.46	69.88	68.17
Total de documentos	27.84	28.19	29.85	31.3	32.3
AIT	47.29	56.5	58.05	59.32	52.28
Citacións	55.43	48.31	50.05	48.67	50.39
Colaboracións	45.52	47.95	47.52	50.17	43.68
Total	297.08	302.59	308.57	316.9	305.55

Con respecto ao a clasificación por campos de estudo a posición da UVigo é a seguinte: Enxeñaría Química no posto 617, enxeñaría civil no posto 440, ciencias da terra no posto 445, enxeñaría ambiental no posto 433, enxeñaría de alimentos no posto 74, informática e computación co posto 736, ciencias mariñas e tecnoloxía co posto 206, ciencias matemáticas co posto 706, ciencias médicas e de saúde no posto 930, tecnoloxía co posto 450, veterinaria co posto 287, agricultura co posto 415, arqueoloxía co posto 443, bioloxía co posto 465, química co posto 517, enxeñaría eléctrica e electrónica co posto 694, enxeñaría co posto 390, ciencias ambientais co posto 319, xeoloxía co posto 492, linguaxe no posto 436, enxeñaría de materiais co

posto 794, enxeñaría mecánica co posto 679, bioloxía molecular e xenética co posto 488, física co posto 667.

Máis datos sobre o URP poden ser consultados na [web](#).



*Na edición Best
Global Universities
Rankings 2024-2025
a UVigo ocupa o
posto número 818.*

US News a world report education.

Este ranking recolle información de institucións de EEUU e de máis de 95 países, que se clasifican en base a trece indicadores que miden o seu desempeño en investigación académica e a súa reputación global e rexional. Sendo unha axuda para que o estudantado poida explorar as súas opcións de educación superior.

A clasificación do U.S. News utiliza un total de 13 indicadores ponderados segundo se pode ver a continuación:

- **Indicadores de reputación**, tomado a través da enquisa de reputación académica de Clarivate Analytics, enviada a un grupo seleccionado de académicos e investigadores de todo o mundo. Tanto a reputación de investigación como a reputación de investigación rexional, pondéranse 12.5 %. O segundo dos indicadores céntranse en medir as opinións de académicos da rexión.
- **Indicadores bibliométricos**, baséanse nos datos da WOS de 5 anos e divídese en: publicacións (10%) como número total de artigos académicos que conteñen afiliacións dunha universidade; libros (2.5%) como complemento aos datos de artigos xa que son un medio importante de comunicación en ciencias sociais, artes e humanidades; conferencias (2.5%) como medio importante de comunicación científica en enxeñaría e informática; impacto normalizado de citas (10%) como impacto xeneral de investigación da universidade independente do seu tamaño e idade; citas totais (7.5%) que se determina multiplicando o factor de clasificación de publicacións polo factor de impacto normalizado; número de publicacións que se atopan no 10% máis citado no mundo para os seus respectivos campos (12.5%); porcentaxe do total de publicacións que se atopan no 10% máis citado (10%), como medida da cantidade de investigación excelente que produce a universidade, independente do tamaño da mesma; colaboración internacional (5%) proporción do total de traballos da institución que teñen coautores internacionais; porcentaxe do total de publicacións con colaboración internacional (5%) indica a proporción do total de artigos que conteñen coautores internacionais.

RANKING INDICATOR	WEIGHT
Global research reputation	12.5%
Regional research reputation	12.5%
Publications	10%
Books	2.5%
Conferences	2.5%
Normalized citation impact	10%
Total citations	7.5%
Number of publications that are among the 10 percent most cited	12.5%
Percentage of total publications that are among the 10 percent most cited	10%
International collaboration	5%
Percentage of total publications with international collaboration	5%
Number of highly cited papers that are among the top 1 percent most cited in their respective field	5%
Percentage of total publications that are among the top 1 percent most highly cited papers	5%

- **Indicadores de excelencia científica** recolle os seguinte items: número de artigos altamente citados que se atopan entre o 1% máis citado no seu campo respectivo (5%) segundo o servizo de Clarivate Analytics coñecido como Essential Science Indicators e baséase nos 10 últimos anos de publicacións; porcentaxe do total de publicacións que se atopan no 1% máis citado sobre o total de documentos que produce a universidade, como medida independente do seu tamaño.

A Universidade de Vigo atópase na edición *Best Global Universities Rankings 2024-2025* posto 816 a nivel mundial, mentres que a nivel europeo e estatal ocupa os postos 298 e 21, respectivamente.

Universidade de Vigo Data

Total number of students	18,206	Number of international students	901
Total number of academic staff	1,163	Number of international staff	14
Number of undergraduate degrees awarded	2,291	Number of master's degrees awarded	1,104
Number of doctoral degrees awarded	177	Number of research only staff	658
Number of new undergraduate students	3,815	Number of new master's students	1,549
Number of new doctoral students	350		

Powered by  Clarivate

Universidade de Vigo Rankings

- 🏆 #818 in Best Global Universities (tie)
- 🏆 #298 in Best Global Universities in Europe
- 🏆 #21 in Best Global Universities in Spain

Universidade de Vigo Subject Rankings

- 🏆 #56 in Agricultural Sciences (tie)
- 🏆 #14 in Food Science and Technology
- 🏆 #561 in Biology and Biochemistry (tie)
- 🏆 #459 in Mathematics
- 🏆 #591 in Chemistry (tie)
- 🏆 #591 in Physical Chemistry
- 🏆 #672 in Engineering (tie)
- 🏆 #349 in Plant and Animal Science (tie)
- 🏆 #642 in Environment/Ecology

Máis datos sobre este ranking poden consultarse na súa [web](#).

Anexo I. Cadro resumo posición UVigo Rankings.

Ranking	2020	2021	2022	2023	2024
ARWU_Shanghai	501-600 (14-18e)	501-600 (13-17e)	501-600 (12-15 e)	501-600 (10-13e)	801-900 (27-30e)
CWUR	681 (22e)	736 (22 e)	786 (26e)	801 (27e)	811(27e)
Dyntra Universidades	2	2	2	3	3
Dyntra Administraciones públicas			2	3	3
Forbes		19	16	Orde alfabética	Orde alfabética
Fundación Haz	3	Non dispoñible	Sen posición global	†***	†***
Fundación CyD	Sen posición global	Sen posición global	Sen posición global	Sen posición global	Sen posición global
Green Metric	342	331 (21e)	300	252 (12e)	262 (11e)
GWC	Non dispoñible	707(17e)	771 (18e)	762 (20 e)	Non dispoñible
Incites	1067 (35e)	1133	1167 (43e)	1 151 (39e)	1137 (39e)
Iune	Sen posición global	Sen posición global	Sen posición global	Sen posición global	Sen posición global
Leiden Ranking CWTS	662 (18e)	666 (18e)	672(18e)	675 (18e)	693 (18e)
Nature INDEX	850	776	830 (27e)	878 (24e)	1085 (33e)
NTU	701-750	751-800	751-800	701-750	651-700
QS World University	801-1000 (25e)	1001-1200 ¹ (29e)	1001-1200 (29e)	901-950 (24e)	901-950 (25e)
QS Sustainability	--	--	381-400	370	281

¹ Edición 2022

Ranking	2020	2021	2022	2023	2024
QS European ranking	--	--	--	324	322
Ranking de repositorios	1660 g 1603 i	1781 g 1841 i	4039 g 3903i	4048 g 3922 i	1987 g 1934i
Ranking web de universidades(Webometrics)	1703 (52 e)	2173 (55e)	1381 (46e)	1075 (40e)	919 (38e)
RUR	595 (21e)	572 (19e)	644 (19e)	733 (22e)	614 (20e)
Scimago	624 (25e)	638 (27e)	576 (26e)	889 (29e)	887 (33e)
THE WUR	801-1000 (39e)	1001-1200 (34e) ²	1001-1200 (47e) ³	801-1000 (34e)	801-1000 (32e)
THE Young University	201-250	251-300	251-300 (18e)	251-300 (17e)	201-250 (16e)
THE Impact	101-200 (17e)	201-300 (22e)	201-300 (18e)	101-200 (8e)	101-200 (6e)
UniRank	640 (25e)	640 (25e)	673 (25e)	686 (23e)	703 (26e)
U-Ranking IVIE	Posición 5	Posición 5	Posición 4	Posición 4	Posición 4
URAP	638 (22e)	642 (21e)	653 (22e)	663 (23e)	672 (19e)
US NEWS	780 (25 e)	822 (24e)	870 (26e)	866(25e)	818 (21e)

² Edición 2022

³ Edición 2023

*Anexo II. Cadro resumo posición UVigo Ranking
ARWU subject*

Field	Academic Subject	2020	2021	2022	2023	2024
Natural sciences	Chemistry	-----	-----	-----	-----	-----
	Earth Sciences	401-500	401-500	401-500	-----	401-500
	Ecology	401-500	301-400	401-500	401-500	401-500
	Oceanography	76-100	101-150	151-200	151-200	51-75
	Atmospheric Science	301-400	301-400	-----	301-400	301-400
Engineering	Electrical & Electronic Engineering	301-400	301-400	301-400	-----	-----
	Telecommunication Engineering	101-200	201-300	201-300	-----	-----
	Civil Engineering	-----	201-300	-----	-----	-----
	Chemical Engineering	301-400	401-500	-----	-----	-----
	Energy Science & Technology	301-400	-----	-----	-----	-----
	Environmental Science & Engineering	-----	-----	-----	-----	-----
	Food Science & Technology	51-75	51-75	51-75	15	34
	Biotechnology	401-500	401-500	401-500	301-400	301-400
Life Sciences	Agricultural Sciences	401-500	401-500	401-500	201-300	201-300
Social Sciences	Economics	-----	-----	-----	-----	401-500
	Hospitality & Tourism Management	201-300	201-300	201-300	-----	-----
	Business Administration	-----	-----	-----	-----	401-500
	Education	-----	401-500	-----	-----	-----
Medical Sciences	Pharmacy&Pharmaceutical Science	-----	401-500	-----	201-300	401-500

*Anexo III. Cadro resumo posición UVigo Ranking
THE subject*

Subject	2019	2021	2022	2023	2024
Arts & humanities	401+ (36e)	401-500 (25e)	501+ (39e)	501-600 (32e)	501-600 (39e)
Business and economics	501 + (31e)	601+ (34e)	601+ (39e)	601-800 (37e)	601-800 (38e)
Education	401+ (33e)	501+ (34e)	501+ (36e)	600+ (43e)	501-600 (41e)
Law	-----	-----	-----	-----	301+ (27e)
Social Sciences	-----	-----	601+ (39e)	601-800 (36e)	501-600 (18e)
Computer science	401-500 (16e)	401-500 (11e)	501-600 (15e)	601-800 (29e)	601-800 (28e)
Engineering & technology	501-600 (36e)	501-600 (21e)	601-800 (31e)	601-800 (37e)	601-800 (25e)
Clínical, pre-clínical and health	-----	-----	-----	-----	-----
Life Science	501-600 (32e)	501-600 (34e)	501-600 (30e)	501-600 (27e)	401-500 (14e)
Physical Sciences	600-800 (34e)	601-800 (32e)	601-800 (27e)	601-800 (23e)	601-800 (18e)
Psychology	-----	-----	-----	-----	-----

*Anexo IV. Cadro resumo posición UVigo Ranking
QS específico subject*

Subject	Especific subject	2020	2021	2022	2023	2024
Natural Sciences	Chemistry	451-500 (14e)	551-600 (17e)	551-600 (16e)	551-600 (16e)	501-550 (18e)
Engineering and Tecnology	Electrical & Electronic Engineering	301-350 (11e)	301-350 (11e)	351-400 (12e)	351-400 (12e)	401-450 (12e)
	Engineering Mechanical	451-450 (11e)	-----	-----	-----	-----
Life Science & Medicine	Biological Sciences	-----	-----	-----	-----	501-250 (17e)
	Agriculture & Forestry	-----	-----	-----	-----	201-250 (13e)

Información de contacto

Unidade de Análises e Programas

Edificio Filomena Dato.

Andar 0.

As Lagoas Marcosende s/n Vigo

Tel. 986 818640

Web: <https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/unidade-analises-programas>

UniversidadeVigo



